



Autorización Paterna/Materna para participar na V edición do T²W- Tecnópole Technological Workshops para que PARQUE TECNOLOXICO DE GALICIA, S.A. FAGA USO DOS DATOS PERSOAIS DO MENOR.

D./Dña..... con DNI
na súa calidade de pai, nai ou titor do menor (nome do fillo/a).....

AUTORIZO

ao meu fillo/a para participar na actividade de **T²W- Tecnópole Technological Workshops** que se levará a cabo no Parque Tecnolóxico de Galicia en horario de 10:00 a 18:00, entre os días 3 e 14 de xullo, de luns a venres.

Así mesmo, autorizo a que PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A. faga uso da información persoal concernente ao meu fillo/a coa única finalidade de posibilitar a súa participación no concreto programa e/ou evento no que participa. A información de carácter persoal que sexa obtida do Centro Escolar será incorporada a un ficheiro confidencial debidamente inscrito no Rexistro Xeral da Axencia Española de Protección de Datos, cuxo titular e responsable é PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A (CIF A32150088). Poñemos todo o coidado e contamos coas medidas que a Lei esixe para que a información persoal facilitada e/ou o resultado do seu tratamento non chegue a terceiros, salvo imposición legal ou despois do seu consentimento. Ten vostede dereito a exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, determinados pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro dirixíndose por escrito ao seguinte enderezo: Parque Tecnolóxico de Galicia S.A. Edif. CEI, San Cibrao das Viñas, CP. 32900 Ourense.

Autorizo a realización de actividades acuáticas, posto que o meu fillo/a sabe nadar.

Entre as actividades desenvolvidas celebraranse almorzos, polo que declaro que o meu fillo/a:

Non sofre alerxias ou intolerancias alimentarias coñecidas.

Sofre alerxia alimentaria ou intolerancia aos seguintes alimentos.....

.....

Ademais, teño coñecemento e autorizo a que o meu fillo/a use o transporte habilitado para tal efecto polo Parque Tecnolóxico de Galicia. **Parada autobús:**

Autorizo a captar imaxes durante o desenvolvemento das actividades nas que poida aparecer a imaxe do meu fillo/a e publicalas, unicamente, cunha finalidade divulgativa.

En caso de que non preste a súa autorización a este último requirimento non será posible para PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A. acreditar a efectiva participación no evento e en consecuencia impedirá a participación do menor na actividade.

Para que conste, fírmoo.

Ourense, _____ de _____ do 2017.